



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello@ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

BANDO

O alcalde do Concello de Ponteceso
Xosé Lois García Carballido

Dispoño

CACHELAS DE SAN XOÁN 2020

Como consecuencia da pandemia e situación de excepcionalidade provocada polo COVID-19, comunícase o seguinte:

1. Prohíbese neste ano 2020 a celebración das tradicionais fogueiras de San Xoán en solo público municipal, praias e espazos públicos durante a noite do 23 de xuño ao 24 de xuño.
2. Permítese a realización de cachelas en terreos particulares (deberase contar coa autorización expresa do propietario, este feito non será responsabilidade do Concello), debendo respectarse as condicións que se recollen no **plan para a transición cara unha nova normalidade**, que, publicadas pola Xunta en Galicia, pode consultalas en https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/383/recomendacions_nova_normalidade.pdf

A maiores, teñan en conta as medidas preventivas e de seguridade que se detallan a continuación.

Condicións xerais:

- Este Bando afecta unicamente a aquelas cachelas que sexan realizadas en terreos particulares, o día 23 de xuño, a partir das 18.00 horas, as cales deberán quedar **perfectamente** apagadas antes das 06.00 horas do día seguinte.
- Unicamente poderán ser realizadas aquelas pequenas fogueiras en terreos particulares** localizados en solo urbano (núcleos urbanos) e en solo de núcleo rural (núcleos rurais). Pode consultar o plan xeral de Ponteceso en (<http://www.ponteceso.net/PXOM/pxom.html>) Non se poderán realizar fogueiras que interrompan ou deteriorenen estradas, camiños e beirarrúas nin debaixo de cables de calquera tipo.
- Queda prohibido** realizar lume en solo rústico con calquera uso (agropecuário, forestal...), así como en zonas próximas a terreos destas características que sexan susceptibles de causar un lume incontrolado, de acordo coa lexislación vixente.

Medidas preventivas:

- Previamente ao inicio da fogueira, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos cinco metros de longo, rodeando o perímetro que se vai queimar.
- Non se prenderá lume preto de masas forestais ou matogueiras (50 metros de distancia mínima), nin a menos de 15 metros de calquera edificación, tendido eléctrico ou de telefonía, instalación de calquera tipo ou vehículo.
- Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Asemade, se iniciado o lume se producise a aparición de vento intenso, procederase a apagalo.
- Non se abandonará a vixilancia da zona da fogueira ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen dúas horas sen que se observen lapas ou brasas.
- Deberán terse á man medios adecuados para a extinción do lume.
- Unha pequena cachela é aquela onde o volume de combustible que forme non exceda de 2 metros de altura e 3 de diámetro.

Outras medidas/condicións:

- Está prohibida a queima de todo tipo de residuos (materiais en cuxa composición interveña o plástico, colchóns, rodas, aerosois, produtos inflamables ou explosivos...), e en xeral, calquera substancia que ao arder desprenda gases ou fumes tóxicos.

Revogacións:

- Este Concello, por iniciativa propia ou por instancia do Servizo Territorial de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, poderá impedir a realización nos casos que non sexa posible garantir as medidas de seguridade e prevención de incendios.
- En caso de incumprimento do indicado, ou de queixas fundamentadas dos veciños, poderase requirir a extinción das fogueiras.

Observacións:

- Non son obxecto de regulación por este bando as comunicacións de queima de restos agrícolas amoreados, nin as autorizacións de queima de restos forestais, cuxa competencia lle corresponde á Consellería de Medio Rural.

-No caso de accidente con lume chamar ó 112.

O que se fai público para o seu coñecemento e debido cumprimento
Ponteceso, 16 de xuño de 2020